

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
REALIZADA O DÍA 7 DE ABRIL DE 2014**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 7 de abril de 2014

HORA DE COMEZO: 20:17 h.

HORA DE REMATE: 21:15 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D^a Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas e D. José Luis Gestido Porto.

AUSENTES: D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos e D^a M^a Lucía Lede Fernández.

SUPLENTE: D. Jesús Manuel Graña Graña, D. Francisco Javier Soliño Soliño, D^a M^a Luisa Prieto Rial, baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR
REALIZADA EN DATA 31 DE MARZO DE 2014**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, deixar pendente de aprobación o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada en data 31 de marzo de 2014.

URBANISMO E VIVENDA

**2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 3 DE ABRIL DE
2014, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE
OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de

propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

MAIORES

EXPEDIENTE Nº 24.808.- A Maria Delia Prieto Rodriguez, con enderezo en Baixada o Colexio 7 - Espiñeira - Aldan, para no referido lugar, en solo de - núcleo rural, regulado pola ordenanza 9, legalizar a ampliación de baixo cuberta en 49,10 m2 e remate de obras interiores e exteriores na mesma planta, de conformidade co proxecto visado ó 10 de outubro de 2.013 e planos 1 e 12 incorporados o 30 de xaneiro de 2.014, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar ante o Catastro a modificación que plantexa a presente licenza.

Aceptaselle a renuncia expresa a devolución do ICIO do anterior expediente.

Aceptaselle a cesión gratuita de terreo para o vieiro, efectuada con data 17 de marzo de 2.014.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización das frontes de parcela aceptándose o aval en garantía da mesma por importe de 375,38 euros.

EXPEDIENTE Nº 24.857.- A Angel Soliño Fernandez, con enderezo en Subida a San Amaro 10 - Camposancos - A Guarda, para en Baixada ó Peirao 33 - Espiñeira - Aldan, refirmar a vivenda en 25,60 m2 de primeiro andar e ampliála en 51,90 de aproveitamento baixo cuberta e 7,80 de terrazas, de conformidade co proxecto visado o 18 de novembro de 2.013, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar ante o Catastro a modificación que plantexa a presente licenza.

Acéptaselle a renuncia do incremento do valor de expropiación das obras de rehabilitación que se van realizar en dito muro.

2.A.2) DENEGACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.3) INFORMACIÓN URBANÍSTICA DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.4) PARCELACIÓNS URBANÍSTICAS DOS SEGUINTEs EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.5) ARQUIVO DE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.6) EXPEDIENTES DE OBRAS PENDENTES SOBRE A MESA:

2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

MENORES

EXPEDIENTE Nº 24.118.- A Ramón Fernandez Queimaño, con enderezo en Espirito Santo 14 - Coiro, para no referido lugar, reconstruir unha caseta de

14,47 m2, de conformidade coa documentación presentada e autorización da Deputación Provincial, de data 19 de abril de 2012.

EXPEDIENTE Nº 24.541.- A GAS GALICIA S.D.G. S.A. con enderezo en Trav. De -Vigo 204 - Vigo, para en Avda. Da Coruña 27 bis - Cangas, executar unha canalización de 3,80 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se podrán realizar no periodo do verán, comprendido entre o 15 de xullo o 15 de setembro.

Nin durante o periodo das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de semana Santa.

Deberá regular o tráfico durante as obras.

Non se permiten reposicións parciais.

Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestructuras afectadas.

Por razóns de seguridade e na medida do posibel, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debendose emprazar ñas zonas destinadas a veirarruas.

Debe presentar un aval por importe de 300,00 euros para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calqueira outra actuación que resulte necesaria, sen que eló supoña dereito a ningún tipo de indenización.

Deberase axustar, *Se o vial ten 5, parte da emprea a así mesmo, ás seguintes condicións: 00 metros ou máis de ancho, procederase reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advirtéselle da obrigación imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galiza e 43.1 da Lei 8/2012, de Venda de Galiza, da existencia ós propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 24.844.- A GAS GALICIA S.D.G. S.A. con enderezo en Trav. De -Vigo 204 - Vigo, para en Enseñanza 19 - Cangas, executar unha canalización de 2,00 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se podrán realizar no periodo do verán, comprendido entre o 15 de xullo o 15 de setembro.

Nin durante o periodo das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de semana Santa.

Deberá regular o tráfico durante as obras.

Non se permiten reposicións parciais.

Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

Por razóns de seguridade e na medida do posibel, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debendose emprazar ñas zonas destinadas a veirarruas.

Debe presentar un aval por importe de 300,00 euros para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calqueira outra actuación que resulte necesaria, sen que elo supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advirtéselle da obrigación imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galiza e 43.1 da Lei 8/2012, de Venda de Galiza, da existencia ós propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 24.890.- LICENZA MUNICIPAL Nº 23.771.- A GAS GALICIA S.D.G. S.A. con enderezo en Trav. De -Vigo 204 - Vigo, modifícaselle a referida licenza no sentido en que as obras axustaranse o novo trazado consensuado co arquitecto municipal, segundo proposta presentada o 25 de marzo de 2014.

EXPEDIENTE Nº 24.708.- A Angel Lemos Portas, con enderezo en Avda. De Lugo 55 - baixo C - Cangas, para en Vilariño Praia 12-O Hío, executar reparacións interiores en garaxe en 33,00 m² e cambio de tella de 52,00 m², de conformidade coa documentación presentada e declaración responsable presentada en Costas o 23 de xullo de 2013.

EXPEDIENTE Nº 24.843.- A Juan Pousada Perez, con enderezo en Via Coba 5 - Santa Marta - Darbo, para en Santa Marta - Darbo, mellorar a cuberta en

edificación existente adicada a viveiro ou parque de cultivo de marisco, en 76,68 m2, de conformidade co estudo técnico visado con data 29. de outubro de 2.013 e repetando as obras reflectidas na Declaración Responsable presentada perante Costas o 23 de novembro de 2.013.

EXPEDIENTE Nº 24.381.- A Miguel Angel Pousa Valladares, con enderezo en San Cibrán 14 A - Aldán, para no referido lugar, reparar a cuberta do garaxe en 40,00 m2, de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE Nº 24.914.- LICENZA MUNICIPAL Nº 23.777.- A Concepción Lemos Giraldez, con enderezo en Nicaragua 6 - 8º B-Vigo, modifícaselle a referida licenza no sentido en que tamen se autorizan as obras de reparación de medianeira descritas na documentación presentada con data 25 de febreiro de 2.014.

COMUNICACIONES PREVIAS

EXPEDIENTE Nº 24.601.- Ramiro Cordeiro Cordeiro, cambio titularidade licenza de obras nº 23.743, procedente de MARITIMO RODEIRA S.L., en Ourelo - Darbo.

EXPEDIENTE Nº 24.940.- Maria Sandra Boubeta Santome, subida tiro de gases por parede traseira en Garelli 21 - Cangas.

EXPEDIENTE Nº 1.515.- Gabriela Joanna Loreto Turtial, Cambio de titularidade de bar en San Lorenzo 1 - Vilanova - Hio.

EXPEDIENTE Nº 1.718.- Lidia Rios Pena, Centro de estudos en Fomento 4 - Cangas.

2.D) EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA

EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 7/2010

PROPOSTA DE SANCION PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de outubro do 2013, resulta que:

PRIMEIRO.- Por parte de Constantino Río Fernández, e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar de Limens-O Hio, obras consistentes en instalación dunha foxa séptica e un pozo de barrena a menos de 3,00 metros do lindeiro sendo a construción de carácter ilegalizable.

SEGUNDO.- Dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, o interesado con data 18 de febreiro do 2014 rexistro de entrada nº 1869 presenta escrito de alegacións.....

TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como grave, segundo o determina o artigo 217.3. da mesma norma citada.

CUARTO.- Que Constantino Río Fernández, na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.

QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 220 da Lei 9/02, e 55 do Regulamento de Disciplina Urbanística a entidade da infracción cometida, en canto á gravidade da materia se refire, é o suficientemente importante para gradua la sanción a impoñer na súa contía 1200,02 euros.

SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no art. 19.2 do R.D. 1398/93, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora, cabe prescindir do trámite de audiencia sinalado no apartado 1 do artigo citado.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, proponho á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

* Impoñer Constantino Río Fernández, na súa calidade de promotor unha multa sancionadora de 1200,02 euros, por infracción ó ter cometido obras no lugar de Limens-O Hio, consistentes en realiza-la instalación dunha foxa séptica e un pozo de barrena a menos de 3,00 metros do lindeiro.

De conformidade coa disposición adicional 5 da Lei 9/02, do 30 de decembro, advírtese ó interesado que a presente multa reducirase na súa contía nun 30 por cento se é pagada no prazo de quince días a partir da notificación da multa e o infractor amosa por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ó exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Cangas, 24 de marzo de 2014

O INSTRUCTOR DO EXPEDIENTE

EXPEDIENTE Nº 43/2009

Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva

licenza municipal, no lugar de Vilanova- O Hio consistentes en: realizar unha edificación de aproximadamente 25 metros a menos de 3 metros dos lindeiros

Sendo a resolución do expediente anteriormente citado recaída con data 15 de xullo do 2011 a de considera-las obras mencionadas como ilegalizables por ser incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas o respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento do Municipio de Cangas, ordenanzas de aplicación SNUA.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados m^a Carmen Otero Piñeiro, promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 217.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que ós feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 220.1.b) da referida Lei 9/02, indicándolle ó infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle esta nun 30%.

Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de Disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.D. 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.D. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear instructor e secretario do expediente a Rafael Soliño Costas e á secretaria do concello D^a Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou ser recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.D. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 16 de xuño de 2011.

CUARTO.- Indicar ós interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.D. 1398/93 de recoñece-la súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por se mesmo a demolición acordada antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.

QUINTO.- Indicar ós interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achega-los documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder ós interesados un prazo de quince días a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o Acordo ó instructor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar ós interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.D. 1398/93.

OITAVO.- Advertir ós interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o acordo ós interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra a mesma non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer-lo que estime máis conveniente.

Así o dispoño en Cangas, o dous de abril do dous mil catorce

O ALCALDE,

Asdo.: José Enrique Sotelo Villar

EXPEDIENTE Nº 43/2009

Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Vilanova- O Hio consistentes en: construción dunha edificación de aproximadamente 25 metros a menso de 3 metros dos lindeiros.

Sendo a resolución do expediente anteriormente citado recaída con data 15 de xullo do 2011 a de considera-las obras mencionadas como ilegalizables por non retranquear como mínimo 3 metros dos lindeiros, tal como esixen as determinacións da Ordenanza SUNA das NSPM.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados M^a Carmen Otero Piñeiro, promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 217.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que ós feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 220.1.b) da referida Lei 9/02, indicándolle ó infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle esta nun 30%.

Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de Disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.D. 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.D. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear instructor e secretario do expediente a Rafael Soliño Costas e á secretaria do concello D^a Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou ser recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo

co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.D. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 16 de xuño de 2011.

CUARTO.- Indicar ós interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.D. 1398/93 de recoñece-la súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por se mesmo a demolición acordada antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.

QUINTO.- Indicar ós interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achega-los documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder ós interesados un prazo de quince días a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o Acordo ó instructor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar ós interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.D. 1398/93.

OITAVO.- Advertir ós interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o acordo ós interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra a mesma non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñe-lo que estime máis conveniente.

Así o dispoño en Cangas, o tres de abril do dous mil catorce

O ALCALDE,
Asdo.: José Enrique Sotelo Villar

EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

3º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO S/APROBACIÓN DO PROGRAMA "DIRECTO XOVE-2014" (X ANIVERSARIO)

Examinada a proposta do día 4.4.14 do concelleiro de Educación, Cultura, Xuventude e Voluntariado, referente a aprobación do programa "DIRECTO XOVE-2014" (X ANIVERSARIO), cuxo presuposto ascende ao importe total de

SETE MIL OTOCENTOS TRINTA E OITO EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS (7.838,90 €).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar o programa "DIRECTO XOVE-2014" (X ANIVERSARIO), cuxo presuposto ascende ao importe total de SETE MIL OTOCENTOS TRINTA E OITO EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS (7.838,90 €).

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

4º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS

4.A) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DETERIORO

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente instalado por deterioro, coas condicións indicadas ós seguintes solicitantes:

NOME E DNI	ENDEREZO	LUGAR INSTALACIÓN
XOSÉ MANUEL BERNÁRDEZ RODRÍGUEZ	O Espírito Santo, nº 75-Coiro	O Espírito Santo, nº 75-Coiro. Autorízase a renovación do pasaxe permanente nº 636, concedido en X.G.L. de data 3.5.07 ao interesado. Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.

5.B) SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL (PINTADO DE BEIRARRÚA)

Examinado o informe emitido o día 1.4.14 pola Policía Local, referente a solicitude de sinalización horizontal en rúa Alexandre Cribeiro, nº 3, que di o seguinte:

"Nº Rex. 631/14

ASUNTO: SOLICITADO DE PINTADO AMARELO FRONTE A ENTRADA DO GARAXE SITO EN R/ALEXANDRE CRIBEIRO Nº 3, PARA PASAXE PERMANENTE Nº 950

Os policías locais de Cangas, con NIP 052006 e 052023, por medio do presente, informan:
que a instancia de LUIS GUIMERÁNS CURRA, en representación da sociedade 'FONTECORNELLO, S.L.', CIF nº B-36.863.488, na que solicita que se pinte de amarelo en zig-zag, diante da entrada do garaxe sito en r/Alexandre Cribeiro, nº 3, xa que ao parecer aparcan vehículos diante do portal prohibindo o acceso de vehículos.

Que unha vez no lugar, compraban que no referido lugar existe unha placa de pasaxe permanente co nº 950, pero sorprendentemente diante da entrada existe unha praza de estacionamento perfectamente sinalizada, ademais dunha praza de estacionamento para vehículos de condutores con discapacidade.

Que a vista disto, consideran que urxe a inmediata eliminación da devandita praza de estacionamento, así como, o traslado ou desprazamento da praza de estacionamento para vehículos de condutores con discapacidade, sendo factible o pintado en amarelo para reforzar a sinalización da placa de pasaxe que xa existe."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente o informe emitido pola Policía Local o día 1.4.14, referente a sinalización horizontal en rúa Alexandre Cribeiro, nº 3.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos interesados e ós departamentos de Policía Local, Xestión de Ingresos e Oficina Técnica Municipal.

5.C) SOLICITUDE DE PASO DE PEÓNS EN RÚA NORIA

Examinada a solicitude presentada o día 28.3.14 por AQUILINO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, con enderezo en rúa Noria, nº 4-baixo-Cangas, na que reclama o pintado de un ou mais pasos de peóns na referida zona.

Visto, así mesmo, o informe emitido o día 1.1.14 pola Policía Local, que indica o seguinte:

"Nº REX: 619/14

ASUNTO: SOLICITUDE DE PASO DE PEÓNS EN RÚA NORIA.

Os axentes da Policía Local de Cangas con número de identificación profesional 052006 e 052023, por medio do presente, informan que o único paso de peóns que existe en Rúa Noria é o que está na confluencia desta rúa coa Avenida de Ourense.

Un lugar axeitado, de aceptarse esta solicitude sería o que se atopa entre os números 13 e 14 da Rúa Noria, xusto antes da Rúa Baiona."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Deixar pendente de aprobación a solicitude de sinalización horizontal con pasos de peóns en Rúa Noria, porque se está a elaborar polos técnicos municipais un estudo de humanización da referida rúa.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao interesado e ós departamentos de Policía Local e Oficina Técnica Municipal.

5.D) SOLICITUDES S/INSTALACIÓN DE ESPELLOS

5.D.1) SOLICITUDE DE FRANCISCO JAVIER ACUÑA PIÑEIRO

Examinada a solicitude presentada o día 1.4.14 POR FRANCISCO JAVIER ACUÑA PIÑEIRO, con enderezo en Castelo, nº 4A-Darbo, na que reclama a instalación de espello para a saída do seu portal sito enfronte do cruce da Rúa Castelo coa Serra de Nacente.

Visto, así mesmo, o informe emitido o día 1.1.14 pola Policía Local, no que se indica o seguinte:

"Nº REX: 660/14

ASUNTO: FRANCISCO JAVIER ACUÑA PIÑEIRO SOLICITANDO ESPELLO

A Xefatura da Policía Local de Cangas, por medio do presente, informa que deberá asumilo coste e colocación do espello, por tratarse dunha saída dunha finca particular e o concello sinalará o punto exacto onde se colocará o espello."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente o informe emitido pola Policía Local o día 1.4.14, referente a instalación de espello, solicitado polo Sr. Acuña Piñeiro.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao interesado e ós departamentos de Policía Local, Xestión de Ingresos e Oficina Técnica Municipal.

5.D.2) SOLICITUDE DE REBECA RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

Examinada a solicitude presentada o día 27.3.14 por REBECA RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, con enderezo en Rúa Carlos Casares, nº 11-Coiro, na que reclama

a instalación de espello para a saída do seu portal sito no lugar do Espírito Santo, por non ter visibilidade pola colocación duns colectores do lixo na zona.

Visto, así mesmo, o informe emitido o día 1.1.14 pola Policía Local, no que se indica o seguinte:

"Nº REX: 616/14

ASUNTO: SOLICITUDE DE COLOCACIÓN DUN ESPELLO NA SAÍDA DA RÚA CARLOS CASARES.

Os axentes da Policía Local de Cangas con número de identificación profesional 052006 e

052023, por medio do presente, informan que é certo o exposto.

Hai dúas opcións, cambiar os colectores do lixo de lugar para outro que moleste menos ou poñer un espello na intersección da citada rúa Carlos Casares co Espírito Santo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar a instalación de espello solicitado pola Sra. Rodríguez González, de conformidade co informe emitido pola Policía Local.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á interesada e ós departamentos de Policía Local e Oficina Técnica Municipal.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

5º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

5.1) DAR CONTA DE SENTENZA Nº 181/2014 DE 18/03/2014 DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA NO PROCEDIMENTO ABREVIADO Nº 360/2013 (X-13/11)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, queda informada dos seguintes datos:

- Reclamante: Sofía de los Ángeles Pereira Alonso
- Sentenza: desestima o recurso interposto contra a Consellería do Medio Rural e do Mar no que o concello foi emprazado como parte interesada.
- Recursos: a sentenza é firme.

5.2) SENTENZA N.º 52/2014 DITADA EN DATA 14.03.2014 POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N.º 2 DE OURENSE NO PROCEDIMENTO ABREVIADO N.º 259/2013 (X-14/01)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, queda informada dos seguintes datos:

- Reclamante: Manuel González Rodríguez
- Sentenza: estima o recurso interposto contra Portos de Galicia en reclamación de responsabilidade patrimonial por danos sufridos en embarcación condenando exclusivamente á Xunta.
- Recursos: a sentenza é firme.

5.3) ACORDO S/DECRETO DITADO EN DATA 2.04.2014 POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N.º2 DE PONTEVEDRA NA EXECUCIÓN DEFINITIVA 10/2014 DIMANANTE DO P.A. N.º245/2010 (X-10/30)

Visto o Decreto ditado en data 2.04.2014 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 2 de Pontevedra na execución definitiva 10/2014 dimanante do P.A. n.º 245/2010, instruído a instancia de Clara Millán González.

Visto que o mencionado decreto aproba a liquidación de xuros presentada pola representación procesual da executante, por importe de 737,82 €.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Tomar coñecemento do decreto ditado en data 2.04.2014 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 2 de Pontevedra, na execución definitiva 10/2014 dimanante do P.A. n.º 245/2010, instruído a instancia de Clara Millán González.

Segundo.- Recoñecer a obriga por importe de SETECENTOS TRINTA E SETE EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (737,82 €), en concepto de xuros, a favor de dona Clara Millán González con cargo á aplicación 912-352 do vixente orzamento de gastos.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/SOLICITUDE DE AXUDA Á AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL NAS OFICINAS DE TURISMO

Examinada a proposta do día 7.4.14 da concelleira de Turismo, referente a solicitude de axuda á para a contratación de persoal para a oficina de Turismo, que é como segue:

"SOLICITUDE Á AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDA PARA A CONTRACIÓ DE PERSOAL NAS OFICINAS DE TURISMO-2013.

Publicada no DOG nº 50 de data do 13/03/2014 a Resolución do 4 de marzo de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos para a contratación de persoal as oficinas de Turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.

Por Resolución da Consellería de Cultura, Comunicación e Turismo do día 1 de xuño de 2001, pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 31 de maio, polo que se declara municipio turístico galego ao Concello de Cangas, de acordo co disposto no artigo 16 do Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, polo que se regula a declaración de municipio turístico galego e publícase no DOG nº 116 de data do 15 de xuño 2001.

Cumprindo os requisitos e vistas as necesidades, propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Solicitar unha axuda polo importe de CINCO MIL NOVECIENTOS CORENTA E OITO EUROS CON CORENTA E TRES (5.948,43 €) para a contratación de un técnico en turismo para o período de tres meses, xuño, xullo e agosto para a Oficina de Turismo de Cangas.

Segundo.- Adoptar o compromiso do Concello de Cangas para o financiamento do importe do orzamento do evento que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria até o importe total da execución prevista, segundo a documentación achegada coa solicitude; así como, a disposición de financiamento para as partidas orzamentarias que sexan financiadas por aquela e o número de traballadores que se van contratar e as súas retribucións salariais brutas, en computo mensual, desagregados por conceptos, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e máis as cotizacións empresariais á Seguridade Social con referencia da publicación oficial do convenio colectivo

que resulte de aplicación e xuntando as táboas salariais vixentes no momento da solicitude.

Terceiro.- *Declarar que o Concello de Cangas para esta solicitude que se formula non solicitou ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Turismo, referente a solicitude de axuda á para a contratación de persoal para a oficina de Turismo de Cangas.

B) SOLICITUDE DE BEATRIZ CAMARERO FERNÁNDEZ S/AUTORIZACIÓN PARA A OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON ATRACCIÓN INFANTÍS

Visto o escrito presentado o día 3.4.14 por BEATRIZ CAMARERO FERNÁNDEZ, DNI nº 76.864.520-S, con enderezo en rúa Juan Flórez, nº 9-2º-A Coruña, no que demanda autorización municipal para a ocupación de vía pública, durante os días da Semana Santa, coa instalación das seguintes atraccións infantís:

- 1 pista de coches de choque infantil
- 1 tren infantil
- 1 hinchable

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Autorizar a ocupación de vía pública, durante os días que van do 11 ao 20 de abril do ano que andamos, coa instalación das atraccións infantís indicadas pola Sra. Camarero Fernández, na zona dedicada a eventos ó lado das naves de Ojea, condicionada á presentación de documentación de seguros vixentes e certificados pertinentes.

SEGUNDO.- Deberá proceder ó aboamento das taxas correspondentes por ocupación de dominio público.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo á interesada e ós departamentos de Policía Local, Intervención e Xestión de Ingresos.

C) SOLICITUDE DE PABLO SÁNCHEZ GONZÁLEZ S/CORTE DE RÚAS PARA CELEBRACIÓN DE ACTIVIDADES NA RÚA POR PARTE DE LOCAIS HOSTELEIROS DA ZONA

Examinada a solicitude do día 5.4.11 presentada por PABLO SÁNCHEZ GONZÁLEZ, con enderezo na Avda. de Galicia, nº 12-3ºH-Cangas, na que indica que en representación de locais hosteleiros, solicita ocupación de vía pública en

Rúa Real desde o tramo que vai desde a Casa da Xuventude, ate a parte empedrada da mesma rúa na parte superior deica Nazaret.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda denegar a solicitude presentada polo Sr. Sánchez González, por ser incompatible coa celebración da Semana Santa, sendo extensible esta denegación a calquera actividade comercial que se pretenda realizar na vía pública cando impidan ou dificulten o acceso a vivendas e garaxes por parte dos residentes e vehículos.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace
o presidente